



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de DECEMBRO de 2023 (1602/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1038).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 22 de decembro de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1039).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E ACTUALIZACIÓN DE LICENZAS ARCGIS DESKTOP E ARCGIS ONLINE (2024-2026). EXPTE. 10227/113.

Visto o informe xurídico de data 19/12/2023 e o informe de fiscalización do 2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/12/2023, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 25/10/2023 o Xefe de servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de modernización e innovación , iniciaron o expediente coa finalidade da contratación do subministro e actualización de licenzas ARCGIS DESKTOP e ARCGIS ONLINE (2024-2026).

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e do técnico responsable de modernización e innovación de data 25/10/2023, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 25/10/2023.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 31/10/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 08/11/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e polo técnico responsable de modernización e innovación .

- Memoria económica do contrato de data 04/12/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal .

- Memoria xustificativa do contrato de data 04/12/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Informe da Xefa da Área de Contratación, de data 05/12/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto supersimplificado (simplificado abreviado), asinado pola Xefa da Área de Contratación, de data 05/12/2023.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada



Concello de Vigo

polos decretos de delegación de Alcaldía de 19, 20 e 28 de xuño de 2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023. A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 25/10/2023 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de subministro.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexerán o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto supersimplificado (simplificado abreviado), e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto supersimplificado (simplificado abreviado), ordinario coa finalidade de realizar a contratación do

subministro e actualización de licenzas ARCGIS DESKTOP e ARCGIS ONLINE (2024-2026) no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e do técnico responsable de modernización e innovación de data 25/10/2023, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 25/10/2023.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 31/10/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 08/11/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e polo técnico responsable de modernización e innovación .
- Memoria económica do contrato de data 04/12/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal .
- Memoria xustificativa do contrato de data 04/12/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Informe da Xefa da Área de Contratación, de data 05/12/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto supersimplificado (simplificado abreviado),, asinado pola Xefa da Área de Contratación, de data 05/12/2023.

SEGUNDO.- Comprometerse a dotar o gasto de **26.688,97 €**, que inclúe un IVE de **4.631,97 €**, dende o 1 de xaneiro de 2024, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	concepto	partida/Proxecto	base	ive	total
2024	Licenzas de produtos informáticos	9207.2090000	8.465,00 €	1.777,65 €	10.242,65 €
2025	Licenzas de produtos informáticos	9207.2090000	8.730,00 €	1.833,30 €	10.563,30 €
2026	Licenzas de produtos informáticos	9207.2090000	4.862,00 €	1.021,02 €	5.883,02 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(1040).- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SUBMINISTRO NA MODALIDADE DE ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO . EXPTE. 16038/445.

Dáse conta do informe-proposta de data 22/12/2023, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento negociado sen publicidade do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (16038-445)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (16038-445).

Segundo.- En data 14 de novembro de 2023 procedeuse a realizar as invitacións, por parte da Área de Contratación e Novos Proxectos, aos licitadores PLATAFORMA COMERCIAL DE RETAIL, S.A. - STELLANTIS S.A., RODOSA, S.A. e ROFERVIGO, S.A., rematando o prazo de presentación de proposicións o 29 de setembro.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 11 de decembro de 2023, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No procedemento que nos ocupa, procedemento negociado sen publicidade do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (16038-445), courseuse invitación a PLATAFORMA COMERCIAL DE RETAIL, S.A. - STELLANTIS S.A., RODOSA, S.A. e ROFERVIGO, S.A..

Ningún dos tres licitadores presentaron proposicións a través da Plataforma de Contratos do Sector Público tal e como figura no correspondente listado de licitadores da Plataforma. Pola súa parte, PLATAFORMA COMERCIAL DE RETAIL, S.A. - STELLANTIS S.A., tal e como figura no certificado do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, de data 11 de decembro de 2023, presentou, no devandito Rexistro, toda a documentación dos sobres A, B e C. Reunidas o día 12 de decembro de 2023, ás 09:00 horas, a técnica de xestión e xefa do Servizo Administrativo e do Control Orzamentario (Resolución da Concellería de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 31.08.2023) coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.22), compróbase que os documentos presentados non están encriptados, polo que, tal e como figura na cláusula 13.6 do PCAP (*En ningún caso deberán presentarse documentos non encriptados. A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador*), procede a inadmisión de PLATAFORMA COMERCIAL DE RETAIL, S.A. - STELLANTIS S.A., neste procedemento.

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e que a proposición presentada a través do Rexistro Xeral resultou inadmitida, tal e como se expuxo mais arriba, cómpre declarar deserta esta licitación.

Segundo.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.-Declarar deserto o procedemento negociado sen publicidade do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (16038-445) por non presentado ningunha proposición admisible.

2º.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

4(1041).- DECLARAR DESERTOS OS LOTE I E II DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO. EXPTE.19756/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 22/12/2023, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local (en adiante, XGL), acordou aprobar o expediente de contratación dos servizos de formación para o emprego, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 20 de outubro a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023) adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de agosto de 2023, de FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. debido a que a aclaración aportada en virtude do requirimento da Mesa do 18 de agosto, altera os termos da oferta inicial, presentada dentro do prazo de presentación de ofertas (entre outras, Resolución TACRC nº 443/2019)

Segundo.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 20 de outubro de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por SARARTE, S.L. neste procedemento.

Terceiro.- Excluir deste procedemento a IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 16 de outubro de 2023.

Cuarto.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) na seguinte orde descendente:

- LOTE I: FORMACIÓN EN OBRAS DE REHABILITACIÓN OU REPARACIÓN

	LICITADOR	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00

- LOTE II: CURSO DE XESTIÓN DE EQUIPOS E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO EN OBRAS DE CONSTRUCCIÓN

	LICITADOR	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00

- LOTE III: CURSO DE SOLDADURA POR ARCO BAIXO GAS MIG, MAG E TIG.

	LICITADORES	TOTAL
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	64,00
2	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	53,03

- LOTE IV: CURSO DE PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN

	LICITADORES	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	50,32

- LOTE V: CURSO DE NOVOS TRATAMENTOS PARA A MADEIRA: A TECNIFICACIÓN DA MADEIRA

	LICITADORES	TOTAL
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	64,00
2	SARARTE, S.L.	53,00

- LOTE VI: CURSO DE FONTANERÍA: NOVOS MATERIAIS E TÉCNICAS (INSTALACIÓN SOLARES ACS)

	LICITADORES	TOTAL
--	-------------	-------



Concello de Vigo

1	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	86,00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	62,59
3	SARARTE, S.L.	53,00

- LOTE VII: CURSO DE DISEÑO E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA

	LICITADORES	TOTAL
1	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	86,00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	61,43
3	SARARTE, S.L.	58,32

- LOTE VIII: FORMACIÓN EN XARDINERÍA

	LICITADORES	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	95,00
2	SARARTE, S.L.	70,39
3	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	40,03

- LOTE IX: TRATAMENTO DO MEDIO

	LICITADOR	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	84,00

- LOTE X: CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

	LICITADORES	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	78,60
2	IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.	76,02
3	SARARTE, S.L.	67,10
4	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	66,00
5	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	53,91

- LOTE XI: CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL

	LICITADORES	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00
2	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	69,00
3	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	30,37

- LOTE XII: CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL

	LICITADORES	TOTAL
1	IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.	75,90
2	SARARTE, S.L.	72,00
3	NORFORMACIÓN, S.L.	67,04
4	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	62,62
5	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	44,08

Quinto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SARARTE, S.L. (Lotes I, II, IV e XI), FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes III e V), IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote VI e VII), NORFORMACIÓN, S.L. (Lotes VIII, IX e X) e IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L. (Lote XII) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar o día 6 de novembro de 2023, que presentaron a documentación requirida, dentro do prazo concedido, se ben se acordou solicitarlles emenda da mesma na sesión de 1 de decembro de 2023.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de decembro de 2023 revisou a documentación presentada. Con relación aos lotes I e II acordou propoñer á Xunta de Goberno Local decláralos desertos por canto o primeiro clasificado en ambos, SARARTE, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP, e no lote 1 tampouco a solvencia técnica.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Nos lotes I e II a Mesa de Contratación so admitiu a un único licitador, SARARTE, S.L..



Concello de Vigo

Por resolución de data 20 de outubro da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal SARARTE, S.L.. resultou clasificado en primeiro lugar para cada un dos lotes e se lle requiriu documentación.

A Mesa de Contratación na sesión do Mesa, na sesión de 1 de decembro, acordou solicitarlle a emenda da documentación presentada. Presentada nova documentación no prazo concedido para a emenda, esta foi revisada na sesión de 22 de decembro de 2023. Dado que SARARTE, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP para ambos lotes, e no lote 1 tampouco acreditou a solvencia técnica, a Mesa acordou propoñer á Xunta de Goberno Local decláralos desertos.

Segundo.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar desertos os lotes I e II do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (expediente 19756-77) porque o único licitador admitido, SARARTE, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP para ambos lotes, e no lote 1 tampouco acreditou a solvencia técnica”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1042).- ADXUDICACIÓN DOS LOTES VIII, IX, X E XI DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO. EXPTE. 19756/77.

Visto o informe de fiscalización de data 22/12/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (expediente 19756-77)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local (en adiante, XGL), acordou aprobar o expediente de contratación dos servizos de formación para o emprego, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 20 de outubro a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023) adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de agosto de 2023, de FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. debido a que a aclaración aportada en virtude do requirimento da Mesa do 18 de agosto, altera os termos da oferta inicial, presentada dentro do prazo de presentación de ofertas (entre outras, Resolución TACRC nº 443/2019)

Segundo.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 20 de outubro de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por SARARTE, S.L. neste procedemento.

Terceiro.- Excluir deste procedemento a IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 16 de outubro de 2023.

Cuarto.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) na seguinte orde descendente:

- LOTE I: FORMACIÓN EN OBRAS DE REHABILITACIÓN OU REPARACIÓN

	LICITADOR	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00

- LOTE II: CURSO DE XESTIÓN DE EQUIPOS E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO EN OBRAS DE CONSTRUCCIÓN

	LICITADOR	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00

- LOTE III: CURSO DE SOLDADURA POR ARCO BAIXO GAS MIG, MAG E TIG.



Concello de Vigo

	LICITADORES	TOTAL
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	64,00
2	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	53,03

- LOTE IV: CURSO DE PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN

	LICITADORES	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	50,32

- LOTE V: CURSO DE NOVOS TRATAMENTOS PARA A MADEIRA: A TECNIFICACIÓN DA MADEIRA

	LICITADORES	TOTAL
1	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	64,00
2	SARARTE, S.L.	53,00

- LOTE VI: CURSO DE FONTANERÍA: NOVOS MATERIAIS E TÉCNICAS (INSTALACIÓNS SOLARES ACS)

	LICITADORES	TOTAL
1	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	86,00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	62,59
3	SARARTE, S.L.	53,00

- LOTE VII: CURSO DE DESEÑO E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA

	LICITADORES	TOTAL
1	IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.	86,00
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	61,43
3	SARARTE, S.L.	58,32

- LOTE VIII: FORMACIÓN EN XARDINERÍA

	LICITADORES	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	95,00
2	SARARTE, S.L.	70,39

3	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	40,03
---	--------------------------------------	-------

- LOTE IX: TRATAMIENTO DO MEDIO

	LICITADOR	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	84,00

- LOTE X: CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

	LICITADORES	TOTAL
1	NORFORMACIÓN, S.L.	78,60
2	IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.	76,02
3	SARARTE, S.L.	67,10
4	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	66,00
5	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	53,91

- LOTE XI: CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL

	LICITADORES	TOTAL
1	SARARTE, S.L.	72,00
2	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	69,00
3	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	30,37

- LOTE XII: CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL

	LICITADORES	TOTAL
1	IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.	75,90
2	SARARTE, S.L.	72,00
3	NORFORMACIÓN, S.L.	67,04
4	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	62,62
5	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	44,08

Quinto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SARARTE, S.L. (Lotes I, II, IV e XI), FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes III e V), IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote VI e VII), NORFORMACIÓN, S.L. (Lotes VIII, IX e X) e IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L. (Lote XII) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Concello de Vigo

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar o día 6 de novembro de 2023, que presentaron a documentación requirida, dentro do prazo concedido, se ben se acordou solicitarlles emenda da mesma na sesión de 1 de decembro de 2023.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de decembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta con relación aos lotes VIII, IX, X e XI, polo que acordou, por maioría dos membros asistentes a esta sesión coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NORFORMACIÓN, S.L. (lotes VIII, IX e X) e SARARTE, S.L. (lote XI), de acordo cos informes asinados pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do 4 de agosto de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xiízo de valor*”, e de valoración do sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*”, de data 19 de outubro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar os seguintes lotes do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (expediente 19.756-77):

a) *O lote VIII a NORFORMACIÓN, S.L., por un prezo de 4.998,00 € (IVE exento), coas seguintes condicións:*

➤ *Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 11,00 %.*

- *Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de máis de 1.000 horas.*

- b) *O lote IX a NORFORMACIÓN, S.L., por un prezo de 14.280,00 (IVE exento), coas seguintes condicións:*
 - *Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 11,00 %.*
 - *Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de 601 a 800 horas.*

- c) *O lote X a NORFORMACIÓN, S.L., por un prezo de 9.000,00 (IVE exento), coas seguintes condicións:*
 - *Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 22,50 %.*
 - *Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de 601 a 800 horas.*

- d) *O Lote XI a SARARTE, S.L., por un prezo de 12.000,00 (IVE exento), coas seguintes condicións:*
 - *Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 28,10 %.*
 - *Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de 401 a 600 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1043).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PUBLICIDADE PARA AS CAMPAÑAS E ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN,



Concello de Vigo

PUBLICIDADE E PROMOCIÓN TURÍSTICA IMPULSADAS DESDE O SERVIZO DE TURISMO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8279/104.

Visto o informe de fiscalización de data 22/12/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo (expediente 8279-104)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de setembro de 2023 a Xunta de Goberno local (en adiante, XGL), acordou aprobar o expediente de contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 29 de novembro a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023) adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de novembro, da oferta da mercantil BYSIDE CAR S.L.U., por apartase do modelo de proposición establecido no apartado 6 das FEC do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo (8279-104) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.	89

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ECOVIGO PUBLICIDAD S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ECOVIGO PUBLICIDAD S.L., o día 5 de decembro de 2023, que presenta a documentación requirida os días 13 e 19 de decembro de 2023, dentro do prazo concedido., acordou solicitarlle emenda da mesma.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de decembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos membros asistentes a esta sesión coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, ECOVIGO PUBLICIDAD S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ECOVIGO PUBLICIDAD S.L., de acordo cos informes asinados pola técnica do Servizo de Turismo e a concelleira delegada da Área de Turismo e Xuventude do 14 de novembro de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e de valoración do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” de data 22 de novembro de 2023.



Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ECOVIGO PUBLICIDAD S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo por un prezo de 291.293,69 (IVE engadido) e coas seguintes condicións:

- Cunha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezos máximos das tarifas oficiais de cada un dos espazos publicitarios dos medios de comunicación do 60%.
- Cunha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario máximo para o deseño da imaxe e proposta de creatividade das campañas do servizo de Turismo do 50,76%.
- Cunha porcentaxe de desconto dos prezos unitarios máximos para a realización e produción de cuñas radiofónicas de 30 segundos que incluírán produción de dereitos, montaxe e locutor do 46,28%
- Cunha redución dos prezos unitarios máximos para a elaboración de accións específicas de comunicación e promoción do 50,76%.
- Cunha redución dos prezos unitarios para a impresión do material gráfico do 67,50%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1044).- REAXUSTE DAS ANUALIDADES DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTENIMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS DE TRANSPORTE VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 52694/444.

Visto o informe de fiscalización de data 22/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/12/2023, asinado pola enxeñeira industrial, a técnica de xestión e Xefa do Servizo Administrativo e do Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 10 de febreiro de 2023 iníciase o expediente de contratación do SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS DE TRANSPORTE VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO. Na memoria xustificativa e no prego de prescricións administrativas deste procedemento estímase como data de inicio de contrato o 1 de setembro de 2023.

I.- Con data 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno Local acordou:

Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos de transporte vertical do Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 31 de maio de 2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares redactado e asinado pola Enxeñeira Industrial en data 10 de maio de 2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de SEISCENTOS VINTE TRES MIL CENTO CINCUENTA EUROS (623.150 €), IVE engadido, sendo o importe correspondente ao IVE de CENTO OITO MIL CENTO CINCUENTA EUROS (108.150 €).

Por ter o financiamento carácter plurianual, cargarase á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00 "MANTEMENTO E CONSERVACIÓN ASCENSORES EN VÍAS", tendo a seguinte distribución por anualidades.

	2023	2024	2025	TOTAL
ESCALEIRAS MECÁNICAS	12.000,00 €	36.000,00 €	24.000,00 €	72.000,00 €
RAMPLAS MECÁNICAS	29.800 €	149.100 €	122.400 €	301.300,00 €
ASCENSORES	19.600 €	70.900 €	51.200 €	141.700,00 €
TOTAL SEN IVE	61.400,00 €	256.000,00 €	197.600,00 €	515.000,00 €
IVE (21%)	12.894,00 €	53.760,00 €	41.496,00 €	108.150,00 €
TOTAL	74.294,00 €	309.760,00 €	239.096,00 €	623.150,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

II.- Con data 01 de setembro de 2023 a Xunta de Goberno Local acordou:

"Adxudicar a TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. (B-46.001.897) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do Concello de Vigo (52.694-444) coas seguintes condicións:



Concello de Vigo

a) O prezo total do contrato é de 419.135,29 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 72.742,49 euros:

- Escaleras mecánicas: 63.228,00 euros
- Ramplas mecánicas: 176.372,00 euros
- Ascensores urbanos: 106.792,80 euros

(...)"

O presente contrato asínase o 26 de setembro de 2023, con data de entrada en vigor 1 de outubro de 2023.

III.- En data 10 de outubro de 2023 emítense polo servizo xestor dilixencia en relación ao axuste de anualidades tendo en conta a data de inicio do contrato, atendendo ao cadro seguinte:

	2023	2024	2025	TOTAL
ESCALEIRAS MECÁNICAS	7.903,50 €	31.614,00 €	23.710,50 €	63.228,00 €
RAMPLAS MECÁNICAS	12.488 €	87.191 €	76.693 €	176.372,00 €
ASCENSORES	12.169 €	53.457 €	41.167 €	106.792,80 €
TOTAL SEN IVE	32.559,85 €	172.262,40 €	141.570,55 €	346.392,80 €
IVE (21%)	6.837,57 €	36.175,10 €	29.729,82 €	72.742,49 €
TOTAL	39.397,42 €	208.437,50 €	171.300,37 €	419.135,29 €

Polo que emítense os seguintes documentos contables con cargo a aplicación orzamentaria 15322279900:

- D 184240 , período outubro-décembro23, por importe de 39.397,42 €
- DFUT 184248, ano 2024 e xan.- setembro 2025, por importe de 379.737,87 €

IV.- Tendo en conta que algúns elementos de transporte vertical non entraron en funcionamento nas datas estimadas, senón que entraron en funcionamento máis tarde, para levar á realidade a execución económica do contrato, propónse o axuste económico de anualidades vinculadas á adxudicación deste expediente 52694-444, en base os seguintes datos:

Importe da adxudicación 419.135,29 €. IVE incluído, con cargo a aplicación orzamentaria 1532.227.99.00

2023	2024	2025	TOTAL
------	------	------	-------

ESCALEIRAS MECÁNICAS	7.903,50 €	31.614,00 €	23.710,50 €	63.228,00 €
RAMPLAS MECÁNICAS	10.252 €	87.191 €	78.929 €	176.372,00 €
ASCENSORES	8.944 €	53.457 €	44.392 €	106.792,80 €
TOTAL SEN IVE	27.099,53 €	172.262,40 €	147.030,87 €	346.392,80 €
IVE (21%)	5.690,90 €	36.175,10 €	30.876,48 €	72.742,49 €
TOTAL	32.790,43 €	208.437,50 €	177.907,36 €	419.135,29 €

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

I.- O artigo 96 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas:

“1. Cando por atraso no comezo da execución do contrato sobre o previsto ao iniciarse o expediente de contratación, suspensións autorizadas, prórrogas dos prazos parciais ou do total, modificacións no proxecto ou por calquera outras razóns de interese público debidamente xustificadas producíse desaxuste entre as anualidades establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares integrado no contrato e as necesidades reais na orde económica que o normal desenvolvemento dos traballos esixa, o órgano de contratación procederá a reaxustar as citadas anualidades sempre que o permitan os remanentes dos créditos aplicables, e a fixar as compensacións económicas que, no seu caso, procedan.

2. Para efectuar o reaxuste das anualidades será necesaria a conformidade do contratista, salvo que razóns excepcionais de interese público determinen a suficiencia do trámite de audiencia do mesmo e o informe da Intervención.”

Polo que á vista dos créditos existentes no vixente orzamento 2023 e co obxecto de adaptar a execución do contrato á realidade do mesmo, e contando coa conformidade do contratista, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, previo informe da Intervención xeral, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Reaxustar as anualidades do contrato **DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS DE TRANSPORTE VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO** , segundo o seguinte cadro resume:

	2023	2024	2025	TOTAL
--	------	------	------	-------



Concello de Vigo

ESCALEIRAS MECÁNICAS	7.903,50 €	31.614,00 €	23.710,50 €	63.228,00 €
RAMPLAS MECÁNICAS	10.252 €	87.191 €	78.929 €	176.372,00 €
ASCENSORES	8.944 €	53.457 €	44.392 €	106.792,80 €
TOTAL SEN IVE	27.099,53 €	172.262,40 €	147.030,87 €	346.392,80 €
IVE (21%)	5.690,90 €	36.175,10 €	30.876,48 €	72.742,49 €
TOTAL	32.790,43 €	208.437,50 €	177.907,36 €	419.135,29 €

SEGUNDO.-Notifícase o presente acordo aos interesados no expediente, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo, poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou dita Resolución, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1045).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO "PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE APOIO PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO DO ANO 2024". EXPTE. 12653/224.

Visto o informe xurídico do 14/12/2023 e o informe de fiscalización do 22/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 12/12/2023, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, mediante Resolución de data 11 de decembro de 2023, acorda o inicio do expediente administrativo para a aprobación do marco de actuación do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero* correspondente ao exercicio 2024.

Este expediente recolle as Bases e a convocatoria específica para a concesión de subvencións directas para mulleres en situación de violencia de xénero no ano 2024, por un importe máximo de 20.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311 480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2024 do Servizo de Igualdade.

A violencia contra as mulleres, que aínda existe na nosa sociedade, constitúe a manifestación máis extrema da desigualdade. Segundo indica o informe do *Consejo General del Poder Judicial* correspondente ao exercicio 2022, un total de 176.380 vítimas de violencia machista en 2022 presentaron o **71,56 % das denuncias rexistradas en todos os órganos xudiciais**.

No período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2003 ata o 1 de decembro de 2023, 1.237 mulleres foron asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas só en España, segundo datos do Ministerio de Igualdade. Non obstante, hai que ter en conta que este é un dos aspectos máis dramáticos e visibles das consecuencias da violencia de xénero, pero esta se manifesta de diversas formas e en diversos contextos, quedando moitas veces oculta. Ademais, esta violencia afecta tamén aos e ás menores que a sofren, con consecuencias fatais para o seu desenvolvemento. Desde o ano 2013 ata o 27 de novembro de 2023 (última data oficial recollida na web do Ministerio), segundo datos oficiais, 50 menores foron vítimas mortais da violencia de xénero. Por isto, é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no seu artigo 1, inclúe dentro do seu obxecto a prestación de asistencia ás mulleres, aos/ás seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela, ou garda e custodia, vítimas desta violencia. No seu artigo 19, ademais, establece o dereito á asistencia social integral para as vítimas, e a competencia para a súa organización por parte das Corporacións Locais.

A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21, imponlles ás Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e de colaborar, a tal efecto, co resto das Administracións públicas.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúe ás entidades locais competencias propias en materia de “actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero”.

A vixente normativa (art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril; Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/23, BOPPO núm. 129 de 5 de xullo de 2023; Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de



Concello de Vigo

Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística de data 30/06/2023, BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023; e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/07/2023 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os e aprobación do texto refundido, BOPPO núm. 164 de 25 de agosto de 2023), atribúe á Concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, entre outras, a seguinte competencia en materia de Igualdade: “ *Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto*”.

O IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, contempla, entre os seus obxectivos específicos, *garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero*. Entre as actuacións a poñer en marcha: *potenciación e incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia*.

Consciente da necesidade de actuar contra a violencia de xénero, e no marco das súas competencias, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia desde diversos dispositivos e programas municipais. Así, a través da Concellería de Igualdade, lévanse a cabo programas de prevención e sensibilización, ademais da posta en marcha dunha serie de servizos e programas de atención e tratamento específico e integral da violencia de xénero. Cabe salientar o labor desenvolvido polo *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*, desde o cal se ofrece apoio e asesoramento legal, psicolóxico e social, e que se complementa con dispositivos de acollemento como o Centro de Emerxencia ou a Rede de Vivendas Municipal dirixidos a vítimas de violencia de xénero.

Para que o acollemento e a atención sexa integral, a intervención non só debe comprender aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos, senón que existen aspectos económicos de carácter urxente que deben ser cubertos para que as mulleres que están a padecer violencia de xénero logren acadar unha vida autónoma.

A maior parte das usuarias da rede municipal de atención e acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, son mulleres con cargas familiares en situación económica precaria. A falta de cualificación profesional, a dependencia económica e afectiva co agresor, a baixa autoestima, a responsabilidade de ter ao seu coidado a menores ou persoas dependentes, o medo, e as propias limitacións no mercado de traballo, fan que as posibilidades de resolución autónoma da súa vida sexan enormemente dificultosas. Así, a experiencia acumulada de máis de dúas décadas de traballo, indica a necesidade de que por parte da Administración se lles recoñeza o dereito a unha axuda económica temporal que lles facilite unha vida autónoma, independente e favoreza a ruptura co agresor.

Para acadar este fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas para mulleres en si-

tuación de violencia de xénero no ano 2024, no marco definido pola normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

Ao abeiro do previsto no art. 56 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Base 29ª.3 de execución do orzamento xeral do exercicio 2023 propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

A finalidade desta medida é dotar ás mulleres dunha axuda económica temporal, non periódica, que lles permita afrontar os gastos máis urxentes e básicos no proceso de ruptura e que poderán consistir en: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

No caso extremo de que a muller faleza ou sufra lesións físicas ou psíquicas que lle imposibiliten ser beneficiaria, as axudas se poderán destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional do Servizo de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc, deste réxime de axudas, así como de realizar a valoración profesional, a acreditación, no seu caso, da situación de violencia de xénero e a proposta de concesión.

As axudas económicas que se concedan ao abeiro desta convocatoria terán necesariamente carácter temporal e non periódico, para atender situacións concretas derivadas da situación de violencia de xénero valoradas polo equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo.

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril; Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/23, BOPPO núm. 129 de 5 de xullo de 2023; Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística de data 30/06/2023, BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023; e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/07/2023 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os e aprobación do texto refundido, BOPPO núm. 164 de 25 de agosto de 2023).



Concello de Vigo

A concesión das axudas axustarase no seu conxunto á seguinte aplicación orzamentaria e importe:

Aplicación orzamentaria:	Importe	Exercicio económico
"Bolsas económicas" 2311 4800000	20.000,00 €	2024

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ao previsto, modificarase a aplicación orzamentaria na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo coa legalidade vixente en materia orzamentaria.

O réxime xurídico no que se enmarca este programa de actuación é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, así como nas Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Por isto, este expediente tramitado como anticipado de gasto (Base 29ª das Bases de execución do Orzamento Xeral do ano 2023) establece o marco de actuación para o procedemento aplicable ao longo do ano 2024, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Constan os obxectivos, a clasificación das axudas, os requisitos e as obrigas das destinatarias así como as peculiaridades da xestión destas subvencións directas. Contémplanse, igualmente, as contías máximas das axudas directas e a posibilidade de compatibilizalas con outras subvencións.

En relación co cumprimento dos procedementos para a concesión directa establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente contempla os principios recollidos no artigo 26.2 da citada Lei.

Ao amparo do artigo 13.2.e) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, atendendo á natureza destas axudas, para obter a condición de beneficiaria exceptúase o requisito de acreditar estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e o recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial.

Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando *"a persoa física se atope nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller"*.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións”, sen menos-cabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

Polo exposto, e previos os preceptivos informes xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local:

“1º Aprobar as Bases do *programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2024* que se recollen no Anexo I do expediente 12653/224.

2º Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no art. 56 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e na Base nº 29ª.3 de execución do Orzamento Xeral municipal.

3º Autorizar o gasto por importe de 20.000,00 euros (vinte mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria “*Bolsas económicas*” 2311 480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2024 do Servizo de Igualdade, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres en situación de violencia de xénero.

4º Aprobar o texto da convocatoria do *programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero* durante o exercicio 2024 e do extracto da mesma, (Anexos II e III), que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base o establecido na Resolución do 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

5º Autorizar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 20.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número ***9888**, xefa do servizo de Igualdade, e Maria del Mar Soto García, con DNI número ***4079**, axente de igualdade de oportunidades, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto



Concello de Vigo

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar o procedemento aplicable para o outorgamento de axudas económicas directas de carácter non periódico para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2024.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación acreditada de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria.

O programa diríxese ás mulleres vítimas de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atencións ás mulleres do Concello de Vigo.

No caso extremo de que a muller faleza ou sufra lesións físicas ou psíquicas que lle imposibiliten ser beneficiaria, as axudas poderanse destinar a facer fronte principalmente a gastos de alimentación, hixiene ou vivenda para as persoas que convivisen coa vítima e dependesen economicamente dela.

Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas, e poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

TERCEIRA.- Beneficiarias

a) Mulleres vítimas de violencia de xénero que estean a ser atendidas nos dispositivos específicos de atención ás mulleres do Concello de Vigo: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Centro de Emerxencia e/ou Rede Municipal de Vivendas de Protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

b) No caso de que a muller padeza lesións psíquicas ou físicas que lle imposibiliten a recepción da axuda, está poderase conceder a algunha persoa da súa familia.

c) No caso extremo de que a muller faleza, con carácter excepcional poderase conceder a axuda económica ás persoas que conviviran coa vítima e dependesen economicamente dos seus ingresos, coordinando o caso cos servizos sociais de atención primaria. Cando sexan fillos e fillas menores de idade os/as que convivisen coa nai, o beneficiario/a da axuda será a persoa adulta que se responsabilice dos/as menores.

As circunstancias descritas nos apartados b) e c) deberán acreditarse no informe técnico de proposta da axuda.

CUARTA.- Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Ter acreditada a situación de vítima de violencia de xénero por calquera das formas previstas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ou na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

3º.- Residir no termo municipal de Vigo.

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos derivados da súa solicitude, a valoración do equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*.

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.

6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da necesidade e da situación de violencia de xénero que demande o equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* ou ben autorizar ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das Administracións públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Tendo en conta a natureza destas axudas, ao abeiro do disposto no art. 13.2 da Lei 38/2003, exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiaria.

QUINTA.- Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria "Bolsas económicas" 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2024 do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ao previsto, modificarase a aplicación orzamentaria na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo coa normativa vixente en materia orzamentaria.



Concello de Vigo

SEXTA.- Contía das axudas e procedemento de concesión e valoración

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por solicitude da persoa interesada presentada no Rexistro Xeral Municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Correspóndelle á traballadora social do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller do Concello de Vigo, ou profesional do Servizo de Igualdade competente en cada caso, informar, asesorar, e orientar ás mulleres interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc, deste réxime de axudas, así como de realizar a valoración profesional, a acreditación, no seu caso, da situación de violencia de xénero e a proposta de concesión.

No informe técnico emitido deberán quedar acreditadas as limitacións económicas que ten a beneficiaria para facer fronte aos devanditos gastos, gastos extraordinarios aos que tivese que facer fronte, débedas de vivenda e/ou subministros da vivenda, así como, se procede, a urxencia e a imposibilidade de que as necesidades reflectidas no informe sexan atendidas polos servizos sociais de atención primaria ou por outras Administracións públicas.

Esta axuda é compatible con outras axudas de carácter público e/ou privado.

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística será quen teña a facultade para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas.

Unha vez concedida a axuda, a beneficiaria disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción desta para presentar a xustificación perante a traballadora social do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. A traballadora social comprobará que queda xustifico o gasto e a finalidade da axuda concedida.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables

As axudas concedidas con cargo a este programa teñen carácter temporal e non periódico, para abordar aspectos concretos derivados da situación de violencia de xénero, situación valorada polas profesionais do equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* do Concello de Vigo.

Estas axudas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hospedaxe, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

A concesión dunha destas axudas non da dereito por si mesma á concesión doutra polo mesmo concepto. Tampouco poderán ser invocadas como precedente.

OITAVA.- Presentación de solicitude e prazo

As interesadas poderán presentar as súas solicitudes de axuda a través do Rexistro Xeral Municipal, ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cubertas e asinadas pola solicitante.

O servizo municipal de Igualdade poderá tramitar a solicitude de oficio ante causas excepcionais que imposibiliten á solicitante realizala (causas como: enfermidade, situación de illamento por corentena, etc.).

Atenderanse solicitudes desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e ata o día 26.12.2024.

NOVENA.- Solicitude de fondos

O Servizo de Igualdade solicitará o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas, que se farán efectivas na conta restrinxida da Tesourería municipal con cargo á aplicación orzamentaria núm. 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2024.

DÉCIMA.- Obrigas das persoas beneficiarias

1. Aplicar a axuda á finalidade para a que foi concedida.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar da posible beneficiaria.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas polas profesionais do equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*.
6. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade das axudas concedidas

O Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e o recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial.

Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atope nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións”, sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.



Concello de Vigo

DÉCIMO SEGUNDA.- Xustificación das axudas

a) Lugar: as beneficiarias xustificarán as axudas concedidas presentando perante o equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* (CMIDM) a documentación que se indica no seguinte apartado.

b) Documentación: as axudas concedidas quedarán xustificadas coa presentación do DNI, ou outro documento oficial de identidade, unha declaración asinada pola beneficiaria conforme recibiu a axuda económica e as facturas ou comprobantes do gasto efectuado. No caso de que a axuda fose concedida para cubrir gastos de necesidades básicas, como poden ser os cartos de peto ou manutención, os documentos acreditativos dos gastos realizados quedarán baixo a custodia do equipo multidisciplinar do CMIDM, podendo ser consultados pola Intervención Xeral.

c) Prazo: a beneficiaria disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da axuda para presentar a xustificación o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. O equipo multidisciplinar do CMIDM comprobará que queda xustifico o gasto e a finalidade da axuda concedida.

DÉCIMO TERCEIRA.- Departamento responsable

Concellería de Igualdade: *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* en coordinación co Servizo de Igualdade do Concello de Vigo

DÉCIMO CUARTA.- Avaliación e seguimento


O seguimento da utilización e destino das axudas corresponderalle á traballadora social do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*.

No expediente deberá incluírse a proposta fundamentada da axuda e a contía concedida de cada muller beneficiaria desta axuda.

Co obxecto de realizar o seguimento e axustar a medida, elaborárase unha memoria anual que reflita cando menos:

- Número de beneficiarias
- Finalidade da axuda
- Importe das axudas concedidas
- Seguimento do destino das axudas
- Número de solicitudes denegadas
- Motivo de denegación de solicitudes

ANEXO I-A

 Concello de Vigo C.I.F. P3605700H Praza do Rei 1 - 36202 Tel: 986 810 100	IMPRESO DE SOLICITUDE PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS DIRECTAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO ANO 2024 CONCELLERÍA DE IGUALDADE	rexistro Selo
--	---	---------------

SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE VIGO

SOLICITANTE	* DNI ou CIF	* Nome e apelidos			* Teléfono 1			Teléfono 2		
	ENDEREZO FISCAL									
	* Nome da rúa, praza, etc.				* Núm.	Portal	Escaleira	* Piso	* Porta	* Cód. Postal
	Parroquia	* Municipio	* Data nacemento	* País nacemento	Correo electrónico					

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN									
Nome da rúa, praza, etc.				Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal
Parroquia	Municipio	Provincia			Correo electrónico				

REPRESENTANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social			Teléfono 1			Teléfono 2		
	Nome da rúa, praza, etc.				Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal
	Parroquia	Municipio	Provincia			Correo electrónico				

*Campos que se deben cubrir obrigatoriamente.

SOLICITA:



Concello de Vigo

Unha axuda económica con cargo ao PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO (ano 2024) da Concellería de Igualdade, para:(indicar concepto e importe solicitado).

Para o que achega a seguinte documentación:

.....
.....
.....

Pode consultar o estado da súa solicitude accedendo a Oficina Virtual do Concello na web www.vigo.org. Tamén pode recibir información adicional indicando o método desexado:

- Mensaxe (SMS) ao móbil
 Correo electrónico.

DECLARA:

1º Que coñece e acepta as Bases do Programa municipal de axudas directas para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2024 da Concellería de Igualdade.

2º Que non esta incurso nas prohibicións legais para ser beneficiaria de subvencións públicas e que os datos que figuran nesta solicitude son certos.

As persoas que de seguido se relacionan autorizan ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) a obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación desta solicitude, de acordo coas Bases do programa.

Nome e apelidos	Núm. DNI/ NIE/ Pasaporte	Sinatura

(Sinatura da solicitante)

Vigo, dede 2024

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, informámola dos seguintes extremos:

Os datos de carácter persoal que achegue serán obxecto do tratamento dos ficheiros responsabilidade do Concello de Vigo

A finalidade do tratamento é xestionar o programa de axudas económicas dirixidas a vítimas de violencia de xénero municipal. Estes datos non serán cedidos a terceiros, salvo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

Pode exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd.vigo@vigo.org

Así mesmo, as persoas usuarias teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

ANEXO II

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2024

Bases reguladoras

As Bases reguladoras do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2024*, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. -----

Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria "Bolsas económicas" 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2024 do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

Obxecto e finalidade

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que non poidan ser cubertas pola beneficiaria. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas.

Destinatarias

O programa diríxese ás mulleres en situación de violencia de xénero, usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

Gastos subvencionables

As axudas concedidas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras necesidades urxentes e inmediatas.

Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada

2º.- Ter acreditada a situación de vítima de violencia de xénero por calquera das formas previstas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ou na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

3º.- Residir no termo municipal de Vigo

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos derivados da súa solicitude, a valoración do equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*.

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.



Concello de Vigo

6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade e da situación de Violencia de Xénero que demande o equipo multidisciplinar do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* ou ben autorizar ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das Administracións públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Contía das axudas

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

Presentación de solicitudes e prazo

As interesadas deberán presentar as súas solicitudes de axuda a través do Rexistro Xeral municipal, ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cumprimentadas e asinadas pola solicitante.

O servizo municipal de Igualdade poderá tramitar a solicitude de oficio ante causas excepcionais que imposibiliten á solicitante realizala: desprazamento, enfermidade, etc.

O prazo de presentación comezará o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará o 26 de decembro de 2024.

Publicidade

O Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e o recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial.

Así, no seu artigo 7.5 b) establécese que non se publicarán as subvencións públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atope nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións”, sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.

ANEXO III

EXTRACTO

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data , polo que se aproba a convocatoria do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2024*”.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

(<http://www.pap.minhap.gob.es/dbnstrans/index>)

PRIMEIRA.- BENEFICIARIAS

O programa diríxese ás mulleres vítimas en situación de violencia de xénero usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- OBXECTO E FINALIDADE

A finalidade destas axudas é a de apoiar ás mulleres en situación acreditada de violencia de xénero para afrontar unhas necesidades derivadas principalmente da violencia de xénero no proceso de ruptura co agresor e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria.

TERCEIRA.- CONTÍA DAS AXUDAS

O importe máximo por beneficiaria e ano establécese en 600 €/ano, agás causas urxentes debidamente xustificadas. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas.

CUARTA.- CRÉDITO DE APLICACIÓN ORZAMENTARIA

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311.480.00.00 do orzamento aprobado para o exercicio 2024 do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación comezará o día seguinte da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e finalizará o 26 de decembro de 2024.

SEXTA.- BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO). Remítirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma. Ao mesmo, publicaranse no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo.

9(1046).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RENDICIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR - ANO 2023. EXPTE. 102964/140.

Visto o informe de fiscalización do 26/12/2023, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización e conformado polo interventor xeral e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2023.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:



Concello de Vigo

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificac.</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reinte-gro</i>	<i>S/a favor</i>
Abalde Come-saña Raquel	202300138538	9120.2200100	800,00	799,90	29/06/23	22/09/23	29/09/23	0,10	0,00
Abalde Come-saña Raquel	202300145733	9120.2279910	800,00	0,00	02/08/23	07/11/23	02/11/23	800,00	0,00
Candia Paz Carla	202300162635	2410.2260300	234,60	234,60	30/08/23	14/12/23	30/11/23	0,00	0,00
Carballo Acu-ña Alberto	202300168977	1320.2250200	500,00	450,00	18/09/23	17/11/23	18/12/23	50,00	0,00
Carballo Acu-ña Alberto	202300168980	1320.2250200	3.000,00	2.964,78	18/09/23	19/12/23	18/12/23	35,22	0,00
Carballo Acu-ña Alberto	202300170490	1320.2230000	1.500,00	1.119,25	21/09/23	27/11/23	21/12/23	380,75	0,00
Couce Senra Óscar	202300162638	1532.2250100	600,00	36,72	30/08/23	01/12/23	30/11/23	563,28	0,00
Domínguez Pereira Beatriz	202300184873	9201.2260300	3.000,00	516,56	16/10/23	21/12/23	16/01/24	2.483,44	0,00
Gallego Santos Ruht Ma-ría	202300170040	1532.2260400	1.000,00	14,52	19/09/23	05/12/23	19/12/23	985,48	0,00
Gallego Santos Ruth Ma-ría	202300164439	1532.2312000	300,00	0,00	07/09/23	30/11/23	07/12/23	300,00	0,00
García Álva-rez Luis	202300164548	2311.4800000	4.500,00	4.500,00	07/09/23	05/12/23	07/12/23	0,00	0,00
García Álva-rez Luis	202300182992	1720.2269900	11.200,00	11.200,00	05/10/23	15/12/23	05/01/24	0,00	0,00
García Álva-rez Luis	202300205717	3330.2312000	335,12	366,12	24/11/23	21/12/23	24/02/24	0,00	31,00
García Álva-rez Luis	202300205721	3330.2302000	74,80	74,80	24/11/23	21/12/23	24/02/24	0,00	0,00
Magdalena Vila M. ^a Jesús	202300196403	9320.1620000	150,00	150,00	02/11/23	18/12/23	02/02/24	0,00	0,00
Vega Andión Óscar M.	202300139815	9207.1620000	3.500,00	3.500,00	05/07/23	30/10/23	05/10/23	0,00	0,00
Vituro Gómez Marcos	202300182991	9200.1620000	4.736,00	4.736,00	05/10/23	30/10/23	05/01/24	0,00	0,00
TOTAL			36.230,52	30.663,25				5.598,27	31,00

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 202300145733 de Raquel Abalde Comesaña, 202300162635 de Carla Candia Paz, 202300168980 de Alberto Carballo Acuña, 202300162638 de Óscar Couce Senra e 202300139815 de Óscar M. Vega Andión.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobrante.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 202300145733 de Raquel Abalde Comesaña, 202300162635 de Carla Candia Paz, 202300168980 de Alberto Carballo Acuña, 202300162638 de Óscar Couce Senra e 202300139815 de Óscar M. Vega Andión non se rendiron no prazo normativamente establecido.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

A Base 23 das Bases de Execución do Orzamento Xeral do ano 2023 indica que as contas xustificativas rendidas polos seus perceptores deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local, polo que se propón a este órgano a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nº pagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificac.	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	202300138538	9120.2200100	800,00	799,90	29/06/23	22/09/23	29/09/23	0,10	0,00
Abalde Comesaña Raquel	202300145733	9120.2279910	800,00	0,00	02/08/23	07/11/23	02/11/23	800,00	0,00
Candia Paz Carla	202300162635	2410.2260300	234,60	234,60	30/08/23	14/12/23	30/11/23	0,00	0,00
Carballo Acuña Alberto	202300168977	1320.2250200	500,00	450,00	18/09/23	17/11/23	18/12/23	50,00	0,00
Carballo Acuña Alberto	202300168980	1320.2250200	3.000,00	2.964,78	18/09/23	19/12/23	18/12/23	35,22	0,00



Concello de Vigo

Carballo Acuña Alberto	202300170490	1320.2230000	1.500,00	1.119,25	21/09/23	27/11/23	21/12/23	380,75	0,00
Couce Senra Óscar	202300162638	1532.2250100	600,00	36,72	30/08/23	01/12/23	30/11/23	563,28	0,00
Domínguez Pereira Beatriz	202300184873	9201.2260300	3.000,00	516,56	16/10/23	21/12/23	16/01/24	2.483,44	0,00
Gallego Santos Ruht María	202300170040	1532.2260400	1.000,00	14,52	19/09/23	05/12/23	19/12/23	985,48	0,00
Gallego Santos Ruth María	202300164439	1532.2312000	300,00	0,00	07/09/23	30/11/23	07/12/23	300,00	0,00
García Álvarez Luis	202300164548	2311.4800000	4.500,00	4.500,00	07/09/23	05/12/23	07/12/23	0,00	0,00
García Álvarez Luis	202300182992	1720.2269900	11.200,00	11.200,00	05/10/23	15/12/23	05/01/24	0,00	0,00
García Álvarez Luis	202300205717	3330.2312000	335,12	366,12	24/11/23	21/12/23	24/02/24	0,00	31,00
García Álvarez Luis	202300205721	3330.2302000	74,80	74,80	24/11/23	21/12/23	24/02/24	0,00	0,00
Magdalena Vila M. ^a Jesús	202300196403	9320.1620000	150,00	150,00	02/11/23	18/12/23	02/02/24	0,00	0,00
Vega Andión Óscar M.	202300139815	9207.1620000	3.500,00	3.500,00	05/07/23	30/10/23	05/10/23	0,00	0,00
Vituro Gómez Marcos	202300182991	9200.1620000	4.736,00	4.736,00	05/10/23	30/10/23	05/01/24	0,00	0,00
TOTAL			36.230,52	30.663,25				5.598,27	31,00

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1047).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DO CONVENIO CO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDADE E AXENDA URBANA PARA O DESEÑO, EXECUCIÓN E FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ADECUACIÓN E MELLORA DA AVENIDA DE MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE PP.KK 0+000 E 2+370). EXPTE. 1717/441.

Visto o informe de fiscalización do 19/12/2023, dáse conta do informe-proposta do 12/12/2023, asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30 DE XUÑO DE 2023, entre outros asuntos acordou "Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Transportes, Movilidade e Axenda urbana dun convenio para o deseño, execución e financiación das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370)". Dito convenio foi asinado entre as partes en datas 12 e 13 de xullo de 2023.

2.- Respecto do seu financiamento, a cláusula cuarta do convenio establece que o orzamento estimado das actuacións obxecto deste convenio ascende a 16.800.000 euros, acordándose que se financien da seguinte forma:

ORGANISMO	IMPORTE (€)
MITMA	11.200.000
CONCELLO DE VIGO	5.600.000
TOTAL	16.800.000

O financiamento do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana levará a cabo con cargo á aplicación orzamentaria 17.38.453C.611 conforme á seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE (€)
2023	1.000.000
2024	5.100.000
2025	5.100.000
TOTAL	11.200.000

O financiamento do Concello de Vigo levará a cabo con cargo á aplicación orzamentaria 15.32.619.00.91 conforme á seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE (€)
2023	500.000
2024	2.550.000
2025	2.550.000
TOTAL	5.600.000

3.- Con data 16 de outubro de 2023, réunese a Comisión Paritaria de Seguimento co seguintes temas tratados e acordos:

"En virtud de la Cláusula Octava del vigente Convenio de 13 de julio de 2023, corresponde a la Comisión de Seguimiento el acuerdo y propuesta de los reajustes de anualidades; vistas las anualidades previstas en la Cláusula Cuarta, según la cual corresponde al ejercicio 2023 una anualidad de 1.000.000,00 € por parte del MITMA y una anualidad de 500.000,00 € por parte del Concello de Vigo, y visto el estado de tramitación del proyecto, no siendo posible consumir la anualidad, se acuerda proponer el reajuste de dichas anualidades trasladándolas al ejercicio de 2025 (sumándola en el caso del MITMA a los 5.100.000,00 € fijados para esa anualidad, dando un total resultante de 6.100.000,00 € para ese ejercicio de 2025, y sumándola en el caso del Concello de Vigo a los 2.550.000,00 € fijados para esa anualidad, dando un total resultante de 3.050.000,00 € para ese ejercicio de 2025), y elevarla para su tramitación."



Concello de Vigo

Froito da devandita reunión, levantase e asinase na mesma data a correspondente acta, a cal consta incorporada no expediente administrativo. (tte. 55 do expte. 14717/441).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Conforme ao establecido no Cláusula cuarta, durante a vixencia do contrato das obras obxecto do presente convenio as anualidades poderán axustarse en función do ritmo real das mesmas, sen que iso implique a necesidade de tramitar novas addendas ao convenio, e sen prexuízo da súa regularización no momento de aprobación da liquidación de leste.

2.- Que segundo o establecido no Cláusula oitava, correspóndelle a Comisión Paritaria de Seguimento, en caso de que fose necesario un reaxuste de anualidades, acordar e elevar a súa proposta, que se formalizará mediante a sinatura da correspondente acta.

3.- De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do reaxuste das anualidades do convenio.

Á vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o reaxuste das anualidades acordado e proposto Comisión Paritaria de Seguimento, trasladando a anualidade do exercicio 2023 ao exercicio 2025, segundo a seguinte distribución:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	2023	2024	2025
MITMA	11.200.000	0 €	5.100000 €	6.100.000 €
CONCELLO DE VIGO	5.600.000	0 €	2.550,000 €	3.050.000 €
TOTAL	16.800.000			

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade, así como ao Consello de Contas de Galicia, ao superar os compromisos económicos asumidos os 600.000 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1048).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SERVIZOS AUXILIARES NO PARQUE ZOLÓXICO DE VIGOZOO. EXPTE. 12186/612.

Visto o informe xurídico de data 19/12/2023 e o informe de fiscalización do 20/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 18/12/2023, asinado polo director de Réxime Interior de Réxime Interior de VigoZoo, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Debido a necesidade de contratación do servizo de mantemento e servizo auxiliares nas instalacións de VigoZoo pertencente á Concellería de Medio Ambiente e nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, así como tratarse dun servizo de tracto sucesivo, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para dito servizo.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades deste servizo para garantir o bo funcionamento do mesmo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, o requisito de facelo se xustifica en que para cubrir as necesidades derivadas do servizo de mantemento e servizo auxiliares nas instalacións de VigoZoo. O contido do contrato supoñe cubrir as necesidades de servizo de mantemento e servizo auxiliares durante as tardes de todo o ano destas instalacións.

Como consecuencia do anterior, con data de 6 de novembro de 2023, a Concelleira de Área de Medio Ambiente, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do servizo de servizo de mantemento e servizo auxiliares nas instalacións de VigoZoo.

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo e o Xefe de Servizo de Medioambiente o 06/11/23 e pola Concelleira de Medio Ambiente e a terceira tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude coa mesma data.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente para o inicio do expediente do 06/11/23.
3. Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior o 7/11/2023, o Xefe de Servizo de Medio Ambiente e Consumo en data 13/11/2023, a Concelleira Delegada de Medio Ambiente de data 14/11/2023 e o Concelleiro de Orzamentos e Facenda na mesma data.



Concello de Vigo

4. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo e o Xefe de Servizo de Medio ambiente e Consumo o 11/12/2023 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente o 11/12/2023
5. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 07/11/2023.
6. Informe emitido pola Técnica de Administración Xeral o 13/12/23, sobre a comprobación documental do expediente.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Técnica de Administración Xeral o 13/12/2023.

2.- Condicións definatorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na contratación do servizo de mantemento e servizo auxiliares nas instalacións de VigoZoo.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (244.886,19 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (42.500,91 €) e o valor estimado (202.385,28 €). A execución do contrato abrangue 2 anualidades (IVE incluído).

- VIGOZOO (337.1. 227.99.03)

Importe

2023	3.854,21 €
2024	120.749,22 €
2025	120.282,76 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria indicada no parágrafo anterior.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de

trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos términos previstos na LCSP.

Este servizo nas instalacións da Concellería de Medio Ambiente poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 2 anos en cumprimento do previsto no artigo 29 da LCSP.

f) Réxime de pagamentos

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e serán conformadas polo responsable do contrato. O importe total de cada factura será a cantidade anual dividida por 12 mensualidades.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Director de Réxime Interior VigoZoo.

j) Seguro

O contratista deberá subscribir ao seu cargo un programa de seguros cuxos importes nunca sexan inferiores aos obrigados segundo as leis e normas vixentes, en concreto, os seguros deberán ser dun importe mínimo de 200.000,00 €.

O contratista deberán achegar o certificado da compañía aseguradora legalmente autorizada sobre a vixencia das pólizas dos seguros antes citados, onde tamén se faga constar que as pólizas incluírán a actividade da empresa licitadora no centro obxecto do contrato, no caso de ser adxudicataria.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo de data 13/11/2023 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable o 14/11/23, explícanse e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 7 das FEC prevese a valoración dos criterios:



Concello de Vigo

A) Criterios avaliados mediante xuízo de valor: ata un máximo de 30 puntos.

1.- Plan de Organización do Servizo: valorarse ata un máximo de **30 puntos**.

B) Criterios avaliados mediante a través de fórmula: ata un máximo de 70 puntos.

1.- Redución do prezo do contrato: ata un máximo de **70 puntos**.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de mantemento e servizos auxiliares no parque zoolóxico de VigoZoo (exp.12186-612)

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 07/11/23 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral con data 13/12/23.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 244.886,19 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (42.500,91 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.227.99.03 “ Servizo atención polas tardes”

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Bases e a convocatoria do «Programa contra desafiuzamentos e de emerxencia social e de axudas ó transporte para persoas con discapacidade (2024). expte. 260710/301.
- Reaxuste de anualidades do contrato de mantemento do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo. Expte. 50799/446.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

12(1049).- BASES E A CONVOCATORIA DO «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (2024). Expte. 260710/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 04/12/2023 e o informe de fiscalización do 26/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 04/12/2023, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. A Concelleira da Área de Goberno de Política Social e Turismo, mediante Resolución de data 29.11.2023 ordenou o inicio de expediente administrativo para a aprobación do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (2024)», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería delegada.

II. Para os efectos indicados na Instrución 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014, xustifícanse expresamente na Exposición de Motivos do Programa os títulos competenciais que lexitimarían a actuación municipal en materia de servizos sociais, conforme coa actual normativa de réxime local (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, Arts. 80.2.k) e 81.c) LALGA, Disp. Adic. 4ª L.5/2014) e coa lexislación sectorial aplicable (L.13/2008,



Concello de Vigo

L.3/2011, L.10/2013...), na que se outorga un papel importante ás CCLL en relación co apoio ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social.

Ademais, este tipo de prestacións económicas inclúense no catálogo de servizos sociais da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e están tamén previstas nas Bases de execución do Orzamento xeral municipal.

III. A finalidade deste Programa de subvencións directas de carácter social é apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

No caso das axudas de transporte (“*bono-taxi*”), a finalidade é favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

IV. Abeirase o seu procedemento de concesión en razóns de interese público, social e humanitario (Base nº 38 e ccdtes. das de execución dos orzamentos municipais). O outorgamento destas axudas sociais realizarase necesariamente de forma individualizada, previa valoración profesional dos/as traballadores/as sociais e por proposta da Comisión de Valoración, con estricte suxeición ás Bases reitoras do Programa, que se desenvolve no marco xurídico definido pola normativa aplicable ás axudas públicas e as Bases de execución do orzamento xeral municipal.

V. A L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, en vigor desde o 30.01.2021, modificou o Art. 2.2 da vixente Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dando unha nova redacción á súa letra a), que quedou redactada como segue:

«Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial».

Así as cousas, enténdese que estas axudas de emerxencia municipais participarían desa natureza “*asistencial*” e, polo tanto, non terían xa a consideración propiamente de “*subvencións*” para os efectos da L.38/2003 e da L.9/2007, aínda que, en ausencia dunha normativa específica sobre este tipo de prestacións sociais, aquelas normas deberían seguir operando como marco xurídico xeral de referencia.

VI. Polo demais, o contido deste Programa é semellante ó dos exercicios anteriores. A única novidade é o incremento dos importes das axudas para o transporte de persoas con discapacidade (“*bono-taxi*”) e a modificación dos tres tramos de capacidade económica establecidos. Estas modificacións afectan unicamente á táboa incluída no Apdo. 3 da Base Sétima, que queda do seguinte xeito:

CAPACIDADE ECONÓMICA	IMPORTE ANUAL DA AXUDA
Entre 0 e 800,00€	400,00 €
Entre 800,01€ e 1.100,00€	275,00 €
Entre 1.100,01€ e 1.500€	150,00 €

VII. Canto ó seu financiamento, indicar que no programa 2310 de Benestar Social existe a aplicación orzamentaria nº 480.00.00 “Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios” (1.200.000 € no proxecto de orzamentos/2024 aprobado inicialmente en sesión plenaria do 23.11.2023) e tamén no funcional 2310 cóntase coa nº 780.00.00, destinada a “Melloras en fogares” (50.000 €), con cargo á que se concederán axudas para a adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación).

VIII. Ó abeiro do previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño, e na Base de execución nº 29.3, propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

IX. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe xurídico e o de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (2024)», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 260710/301) e dispoñer a súa publicación no BOPPO.

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 1.200.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia e “bono-taxi” para o exercicio de 2024 e de 50.000€ con cargo á nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación).

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude do Servizo de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos/as funcionarios/as habilitados/as dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social.



Concello de Vigo

QUINTO: Publicar este acordo no taboleiro electrónico de Anuncios e Edictos do Concello de Vigo, nas Unidades de Tráballo Social (UTS) e na páxina web municipal, debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.

SEXTO: Remitir á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información precisa sobre as axudas que se concedan con cargo a este Programa mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), indentificándoas coa clave “L” e a subclave 22».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DO «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2024» E DAS AXUDAS DE TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (“BONO-TAXI”)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

De acordo co Art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a Comunidade Autónoma de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde

e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

II

Os servizos sociais municipais, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, prestan unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario, contando cun conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta ás carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas de emerxencia para o ano 2024 e das axudas ó transporte para persoas con discapacidade, no marco xurídico definido na normativa reguladora aplicable e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas axudas sociais, dentro das Bases de execución orzamentaria.

As axudas que se concedan para gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria non cuberta polo sistema público de saúde, gastos persoais e de aloxamento terán necesariamente carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constituirán un complemento ordinario do importe das prestacións públicas (RISGA, PNC, IMV, desemprego, outras prestacións) que poidan percibirse periodicamente doutras Administracións públicas. As destinadas ó transporte das persoas con discapacidade que non poidan utilizar o transporte colectivo estarán condicionadas, en todo caso, o cumprimento dos requisitos específicos e das obrigas establecidas nestas Bases.

Durante o exercicio de 2023 concedéronse con cargo a este Programa axudas por un importe total de 1081033,73 € co seguinte detalle (datos a 31.10.2023).

IMPORTE	CONCEPTOS
450.429,72 €	ALUGUER + ALOXAMENTO
464.604,75€	ALIMENTACIÓN BÁSICA
18.872,97€	MOBILIARIO DE PRIMEIRA NECESIDADE
6.625,53 €	GAS
47.701,58 €	LUZ
15.717,52 €	AUGA
2.600,46 €	GASTOS PERSOAIS
3.461,28 €	GASTOS DE FARMACIA
21.110,38 €	PRÓTESIS + AXUDAS TÉCNICAS



Concello de Vigo

8.159,62 €	HIPOTECAS
14.781,50 €	MELLORAS DE HABITABILIDADE + ELIMINACIÓN BARREIRAS + EFICIENCIA ENERXÉTICA
9.668,42 €	DÉBEDAS DE COMUNIDADE
17.300,00€	BONOTAXI

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto.

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar a concesión de axudas económicas con cargo ós orzamentos municipais do Concello de Vigo para atender situacións extraordinarias que poidan considerarse de emerxencia social e mellorar a mobilidade urbana das persoas afectadas por graves discapacidades.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas.

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

No caso das axudas de transporte (“*bono-taxi*”), a finalidade é favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

TERCEIRA.- Formas de pagamento.

En función da clase de axuda de que se trate, o seu importe poderá facerse efectivo mediante ingreso directo ós respectivos provedores, arrendadores ou subministradores, mediante transferencia ou tarxeta social pre-pagamento ou ben, de forma excepcional, mediante cheque bancario.

O aboamento das axudas de transporte (“*bono-taxi*”) será efectuado a través dunha tarxeta prepago que se entregará a cada beneficiario/a. A súas normas de utilización figuran no modelo de solicitude (Anexo II.A).

CUARTA.- Persoas destinatarias.

O programa de prestacións non periódicas diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de emerxencia social e que estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses. Poderá excepcionalmente xustificadamente este requisito en casos singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema, as persoas estranxeiras refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias así como as persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional.

As destinatarias das axudas de transporte (“*bono-taxi*”) serán aquelas persoas con diversidade funcional que teñan recoñecida unha discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, impedíndolle a utilización do transporte público colectivo. En todo caso, o Concello de Vigo poderá

denegar esta subvención a aquelas persoas das que teña constancia fidedigna de que a súa situación de dependencia lles impide tamén o desprazamento en taxi.

QUINTA.- Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 (“*Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios*”).

As axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación), diríxense, preferentemente, a persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a súa mobilidade e o gasto será contemplado na aplicación orzamentaria nº 2310.780.00.00 (“*Melloras en fogares*”).

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Requisitos.

6.1. Os requisitos para acceder ás axudas de emerxencia do Concello de Vigo son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Residir e estar empadroad/a no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, agás as excepcións indicadas na base cuarta. A inscrición no Padrón Municipal de Habitantes deberá estar necesariamente actualizada.

3º.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada.

4º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade ou ben autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Benestar social) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, IMV, AIS, etc.).

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.

c) Cando non se teñan xustificado as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

Tendo en conta a natureza destas axudas sociais de emerxencia (que xa non teñen a natureza de “*subvencións públicas*”) e a situación de necesidade das persoas destinatarias, exceptúase o requisito de



Concello de Vigo

acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

6.2. Os requisitos específicos para acceder ás axudas de transporte (“*bono-taxi*”) son:

- a) Estar empadroadas no municipio de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses anterior á solicitude.
- b) Ter catro (4) anos de idade cumpridos no momento da presentación da solicitude da axuda.
- c) Ter recoñecida a condición legal de discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de discapacidade ou tarxeta acreditativa emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H).
- d) Non constar como titular de vehículo automóbil propio, o que, en todo caso, será obxecto de comprobación de oficio.
- e) Non dispor duns ingresos per cápita netos superiores a 2,5 do IPREM vixente (2023: IPREM = 600€/mes).

Para o cómputo dos recursos económicos terase en conta a renda *per cápita* da unidade familiar do/a solicitante.

A renda per cápita calcularase tendo en conta a totalidade dos rendementos netos derivados de:

- a) Rendementos do traballo
- b) Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario
- c) Rendementos das actividades económicas
- d) Outros rendementos que consten na declaración.

Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) terase en conta a base imponible xeral (435) e base imponible de aforro (460).

SÉTIMA.- Gastos e contías máximas.

1. Gastos susceptibles de axuda:

1º.- Gastos de vivenda, que inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Créditos hipotecarios con entidades bancarias, en evitación de desafiuzamentos, sempre que non se disfrutase xa de axudas públicas por este concepto durante os períodos de adeudo.
- Débedas de comunidade.
- Mobiliario de primeira necesidade.
- Débedas de subministros: enerxía eléctrica, augas e gas.

Non se concederán axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública.

2º.- Alimentación básica, incluída a infantil, á venda en establecementos de alimentación.

3º.- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde:

- Gastos de atención sanitaria para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario.
- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público (adquisición, reparación e adaptación de lentes, ortopedia e próteses, etc.), acreditando a súa prescripción por un médico do sistema público de saúde.

4º.- Gastos persoais.

5º.- Aloxamentos (pensións, cuartos, etc.)

6º.- Gastos de transporte (“*bono-taxi*”) para as persoas con discapacidade que non poidan utilizar o transporte público colectivo.

As axudas concedidas con cargo a este Programa para gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria non cuberta polo sistema público de saúde, gastos persoais e de aloxamento, teñen carácter temporal e extraordinario para abordar situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente (RISGA, PNC, pensións, prestacións por desemprego...), polo que non serán atendidas as solicitudes reiteradas de axudas para os mesmos conceptos. Tampouco non poderán ser invogadas como precedente.

2. Contías mensuais máximas por todos os conceptos:

MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	MÁXIMO ALIMEN- TOS/MES	MÁXIMO ALU- GUER/MES	MÁXIMO DOS ÚLTI- MOS DOCE MESES POR TODOS OS CON- CEPTOS (*)
1	275€	420€	3.135€
2	385€	580€	3.630€
3	440€	630€	4.070€
4	495€	685€	4.400€
5	550€	735€	4.730€
6 ou máis	605€	790€	5.060€

(*) Gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria e gastos persoais. Estes límites poderán superarse en situacións excepcionais debidamente xustificadas.



Concello de Vigo

Para as axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación), ata un máximo de 12.000 € por vivenda e ano.

3. Os importes das axudas para o transporte de persoas con discapacidade (“*bono-taxi*”) serán os seguintes:

CAPACIDADE ECONÓMICA	IMPORTE ANUAL DA AXUDA
Entre 0 e 800,00€	400,00 €
Entre 800,01€ e 1.100,00€	275,00 €
Entre 1.100,01€ e 1.500€	150,00 €

OITAVA.- Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración destas axudas estará integrada pola Xefa do Servizo (ou persoa en quen delegue) e dúas técnicas da Área de Benestar Social relacionadas con este programa de prestacións, que asumirán tamén a secretaría da mesma. Ademais, cando así o considere a Comisión, poderán formar parte dela as traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios básicos e/ou específicos.

NOVENA.- Procedemento de concesión e valoración.

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal (Praza do Rei, 1) ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Virán acompañadas da documentación esixida e presentaranse no modelo oficial que corresponda (Anexo I / Anexo II). Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada).

O prazo de presentación será desde o día seguinte á publicación oficial das Bases e a convocatoria no BOPPO e ata o 31 de decembro de 2024. Así mesmo publicaranse no taboleiro electrónico de anuncios e edictos do Concello de Vigo, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web municipal, debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno”: <http://transparencia.vigo.org>

Correspóndelle ás traballadoras sociais das UTS ou programas específicos que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso –membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Unha vez recibidos os correspondentes informes por parte das traballadoras sociais, a Comisión de Valoración formulará á proposta de resolución que proceda, de concesión ou denegación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose a estas Bases tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súas contías.

En casos excepcionais debidamente xustificados, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorar-

se ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen elevará dita concesión na primeira reunión que teña lugar.

A Concellería de Política Social será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ás persoas interesadas nos termos previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado. Exceptúanse desta obriga os pagamentos que se realicen directamente polo Concello ás persoas arrendadoras (alugueres), entidades bancarias (cotas hipotecarias) e compañías subministradoras (luz, auga, gas, etc.)

No caso das axudas de transporte (“*bono-taxi*”) as persoas beneficiarias deberán recoller a tarxeta prepagamento no prazo indicado nestas Bases.

DÉCIMA.- Solicitud e documentación das axudas de transporte (“*bono-taxi*”).

Estas axudas serán solicitadas polas persoas que pretendan ser usuarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade.

A solicitude implicará a autorización ó Concello de Vigo para que realice as actuacións de comprobación que resulten procedentes, ós efectos de verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas da persoa beneficiaria derivadas da concesión.

A solicitude, formulada segundo o modelo do Anexo II.A, irá acompañada da seguinte documentación:

- 1) DNI do/a solicitante e, no seu caso, tamén do representante legal e documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do/a menor (libro de familia ou resolución xudicial).
- 2) Certificado oficial de discapacidade ou tarxeta acreditativa do grao de discapacidade expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste na súa valoración de mobilidade que ten dificultade para a utilización do transporte público colectivo.

Aquelas persoas que teñen a certificación definitiva do EVO e xa solicitasen a axuda en anos anteriores non terán que presentala de novo.

- 3) Xustificación documental dos recursos económicos:

3.1) Teranse en conta os ingresos da persoa solicitante que achegará, en todo caso:

- Certificado anual dos ingresos percibidos no último ano, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, pensións non contributivas, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir (*).

Teranse en conta os ingresos anuais correspondentes o derradeiro exercicio do IRPF.



Concello de Vigo

- Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar (*).

(*) Só no caso de que o/a solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

3.2) Se a persoa solicitante tivese cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos netos da parella e terán que achegar a mesma documentación cá solicitante.

(*) Só no caso de que o/a solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

3.3) Se o solicitante carece de ingresos ou é menor de idade, valoraranse os ingresos da/s persoa/s da/s que dependa economicamente (pai, nai, fillo, titores, etc.). Achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa (*).

(*) Só no caso de que as persoas das que dependa o menor de idade non autoricen ó Concello de Vigo para obter doutras Admóns. e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver a solicitude, incluída a AEAT.

4) Aceptación da cesión de datos de carácter persoal á entidade encargada de emitir as tarxetas “bono-taxi”, segundo modelo Anexo II.B.

O Servizo de Benestar social poderá solicitar calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Solicitude de fondos.

Por solicitude do Servizo de Benestar Social realizarase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación á súa conta delegada número ES90 2080 5000 6731 1024 2616 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás aplicacións núms. 2310.480.00.00 e 2310.780.00.00.

DÉCIMO SEGUNDA.- Obrigas das persoas beneficiarias.

1. Aplicar as prestacións ás finalidades para as que foron concedidas.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar dos posibles beneficiarios.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación das axudas solicitadas.
4. Comunicar inmediatamente ó Servizo de Benestar Social calquera cambio que puidese afectar ás axudas solicitadas e, en especial, os de domicilio e teléfono de contacto e, de ser o caso, a identidade dos novos arrendadores, entidade financeira ou compañías subministradoras e dos datos necesarios para poder efectuarlles os ingresos directos que procedan (alugueres, cotas hipotecarias, subministracións).
5. Reintegrar o importe da axuda indebidamente percibida ou en contía indebida.
6. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas en cada caso pola profesional de traballo social correspondente.
7. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto, cando proceda.

8.No caso das axudas de transporte (“*bono-taxi*”), as persoas beneficiarias terán un prazo dun (1) mes para retirar a súa tarxeta desde o día seguinte ó da notificación da concesión. De non facelo nese prazo, a tarxeta anularase.

DÉCIMO TERCEIRA.- Protección de datos e publicidade das axudas concedidas.

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos persoais das persoas solicitantes, dos seus representantes e do resto dos integrantes da unidade de convivencia serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social (XIESS). A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión das axudas obxecto destas Bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade e as demais actuacións previstas na normativa reguladora aplicable.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso dos/as usuarios/as e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e a persoas con diversidade funcional non será obxecto de publicación a súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Con todo, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).

DÉCIMO CUARTA.- Seguimento e efectividade das prestacións.

En cumprimento do establecido na Base nº 38 das de execución do orzamento xeral, corresponderá á Área Benestar Social realizar os seguimentos que procedan en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos perceptores das referidas axudas, debendo emitirse informe coa periodicidade necesaria, especificando perceptores, importe da axuda, causa e finalidade, co visto e prace da Concellería delegada.

DÉCIMO QUINTA.- Recursos.

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as aprobou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do



Concello de Vigo

contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións ou notificacións oficiais.

13(1050).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DO CONTRATO DE MANTEMENTO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 50799/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 21/12/2023 e o informe de fiscalización do 27/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/2023, asinado pola adxunta ao xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES DO EXPEDIENTE

Primeiro.- En data 13 de maio de 2020 a Xunta de Goberno local, aprobou o expediente de contratación polo procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada, regulado nos artigos 156 e 131.2 da LCSP 2017 do contrato de servizo de CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO, que inclúe o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 12 de maio de 2020 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 11 de maio de 2020, así como abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Segundo.- En data 16 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno local, en sesión extraordinaria e urxente, acordou adxudicar á UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTÉN S.L. (A-46.609.541 e B-36.938.827, respectivamente) o procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 33.699.578,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.848.687,17 euros.
- b) Propón un incremento do número de horas aportadas a maiores das esixidas na bolsa de horas para traballos extraordinarios de 2.000 h.
- c) Propón un incremento do importe económico destinado a maquinaria para traballos extraordinarios de 4.000 euros.
- d) Propón un incremento da porcentaxe destinada aos programas de comunicación para fomentar o uso responsable dos espazos obxecto do contrato do 0,3 % .

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas

particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.- En data 14 de xaneiro de 2021 as partes formalizan o contrato, comezando a súa prestación o 16 de xaneiro de 2021, e sendo a súa duración de cinco anos sen prórrogas.

Cuarto.- O Prego de cláusulas administrativas do contrato, no apartado 3.G) das Follas de Características do contrato (FEC) establece os prezos unitarios (con IVE) que serán de aplicación para os descontos por traballos non realizados así como no caso de modificación do contrato:

Zonas verdes	Unidade	Prezo/Unidade
TIPOLOXÍA A	Ha	29.132,48 €
TIPOLOXÍA B	Ha	18.965,08 €
TIPOLOXÍA C	Ha	17.696,53 €
TIPOLOXÍA D	Ha	9.884,86 €
TIPOLOXÍA E	Ha	9.010,05 €
TIPOLOXÍA H	Ha	6.949,02 €
TIPOLOXÍA M	Ha	9.750,29 €
TIPOLOXÍA R	Ha	29.106,87€
TIPOLOXÍA F	Ha	3.508,62 €
ARBORADO	Ud.	109,66 €
XARDINEIRAS	m ²	146,79 €
XARDINEIRAS COLGANTES	Ud.	146,09 €
XARDINEIRAS INDIVIDUAIS	Ud.	146,09 €
OLIVEIRA SENLLEIRA	Ud.	4.327,16 €

Quinto.- En data 21 de outubro de 2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Modificar o contrato do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo nos termos sinalados no fundamento xurídico II deste informe. A modificación consistirá na incorporación de novas zonas verdes (por disolución de Entidades de Conservación Urbanística, recepción de humanizacións ou cesións que non puideron terse en conta no seu día) e pola detracción de zonas cuxo mantemento pasou a ser obxecto de contratos doutra administración.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 483.807,83 euros (1,44% do prezo do contrato), con cargo á aplicación orzamentaria 171022799.



Concello de Vigo

3º.- Unha vez adoptado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 19.992,06 euros.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante”.

Sexto.- En data 7 de xullo de 2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Modificar o contrato do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (expte. 12.853-446), nos termos sinalados neste informe.

2º.- Esta segunda modificación supón un incremento do importe total do contrato de 1.165.660,71 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1710.2279901 MANTENIMENTO XARDÍNS, ZONAS VERDES, CASTRO, ROTONDAS, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano de aplicación	Período	Importe económico (€/ano)	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2023	Do 1 de xullo ao 31 de decembro	229.310,30 €	0,68%
Ano 2024	Do 1 de xaneiro ao 31 de decembro	458.620,61 €	1,36%
Ano 2025	Do 1 de xaneiro ao 31 de decembro	458.620,61 €	1,36%
Ano 2026	Do 1 de xaneiro ao 15 de xaneiro	19.109,19 €	0,06%
Total		1.165.660,71 €	3,46%

Esta modificación representa un 3,46% do prezo do contrato que, sumado ao 1,44% da primeira modificación, fai un total de 4,90%. En consecuencia, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación (20%), segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 48.167,80 euros.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante”.

2.- PROPOSTA DE REAXUSTE DE ANUALIDADES DO CONTRATO

Na memoria xustificativa da licitación especificabase como inicio de contrato o 16 de xuño de 2020 e dicía o seguinte:

“3. Prezo do contrato:

Unha vez analizados os diferentes custes do contrato, estímase un prezo unitario de referencia para cada un dos elementos obxecto do mesmo, que será de aplicación para os descontos por traballos non realizados, para futuras ampliacións e/ou detraccións do contrato e sempre que se estime oportuno en todo o período de vixencia do contrato:

Zonas verdes	Unidade	Superficie/ Unidade	Prezo/ Unidade	Prezo licitación/ Anual
TIPOLOXÍA A	HA	4,7787	29.132,48 €	139.215,39€
TIPOLOXÍA B	HA	68,7253	18.965,08 €	1.303.380,62
TIPOLOXÍA C	HA	74,1406	17.696,53 €	1.312.031,48
TIPOLOXÍA D	HA	20,1739	9.884,86 €	199.416,17
TIPOLOXÍA E	HA	18,3812	9.010,05 €	165.615,50
TIPOLOXÍA H	HA	1,8463	6.949,02 €	12.829,98
TIPOLOXÍA M	HA	14,6616	9.750,29 €	142.954,87
TIPOLOXÍA R	HA	9,1031	29.106,87€	264.962,78
TIPOLOXÍA F	HA	88,3730	3.508,62 €	310.067,21
ARBORADO	UNID.	11.355	109,66 €	1.245.184,81
XARDINEIRAS	M ²	10.700,18	146,79 €	1.570.691,32
XARDINEIRAS COLGANTES	UNID.	128	146,09 €	18.699,94
XARDINEIRAS INDIVIDUAIS	UNID.	173	146,09 €	25.274,14
OLIVEIRA SENLLEIRA	UNID.	1	4.327,16 €	4.327,16

A determinación do prezo do contrato quedará definida pola condición dos prazos de inicio para as diversos servizos.

As prestacións vinculadas á “Conservación e reposición do parque do Castro”, adxudicado á entidade mercantil, Agronerga, SL. (expte 11550/446), atópanse vixentes ata o vindeiro 15 de xaneiro de 2021, polo cal dende a adxudicación deste Lote ata esta data, estas prestacións seguirán sendo executadas pola mercantil “Agronerga SL”, e, polo tanto, no estudo de custes é necesario minorar os seguintes importes:



Concello de Vigo

TIPOLOXÍA DE PRESTACIÓNS	IMPORTE ANUAL
Tipoloxía C	85.076,07 €/ano
Tipoloxía D	27.488,81 €/ano
Tipoloxía E	50.050,83 €/ano

Total do importe: 162.615,71 euros anuais, o que equivale a un importe mes de 13.551,31 €. Polo cal o prezo do contrato para a primeira anualidade, será minorado neste importe mensual dende a data de formalización do novo contrato (prevista inicialmente para o 16 de xuño de 2020), ata o 15 de xaneiro de 2021. Os custes afectados en relación ao persoal correspóndese cos custes dos traballadores/as que durante ese período estean a prestar servizo para a mercantil AGRONERGA, SL., tendo en conta que estes traballadores/as non forman parte do persoal, ata a finalización das prestacións da mercantil AGRONERGA, SL., establecida o 15 de xaneiro de 2021. Os gastos de materiais, maquinaria e vehículo, así como o doutros gastos, deberá ser axustado na proposta de licitador para poder cumprir as obrigas das prestacións do contrato para este período no cal no se realizarán aquelas vinculadas no PPTP a “Conservación e reposición do parque do Castro”.

Cálculo do prezo do contrato para a primeira anualidade:

	Ano 1
Minoración dos custes polas prestacións da Conservación e reposición do parque do Castro	13.551,31 € por mes. • Ano 2020 (16/06 ata o 31/12) = 88.083,52 € • Ano 2021: (01/01 ata 15/01)= 6.775,66 € • Minoración total = 94.859,17 €. (IVE ENGADIDO)

	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	TOTAL
IMPORTE BASE DE LICITACIÓN coa minoración	5.360.048,01 €	5.629.367,65 €	5.728.617,40 €	5.773.344,18 €	5.803.747,48 €	28.295.124,73 €
IVE 21%	1.125.610,08 €	1.182.167,21 €	1.203.009,65 €	1.212.402,28 €	1.218.786,97 €	5.941.976,20 €
Custes totais	6.485.658,09 €	6.811.534,86 €	6.931.627,05 €	6.985.746,46 €	7.022.534,45 €	34.237.100,93 €

Á vista das indicacións realizadas sobre os prazos para o inicio das prestacións contempladas neste contrato, o prezo de licitación deste expediente de contratación queda determinado nos seguintes importes:

ANUALIDADE	IMPORTE ANUAL
2020	3.120.742,00 €
2021	6.736.607,78 €
2022	6.879.686,36 €
2023	6.983.482,39 €
2024	6.988.095,89 €
2025	3.528.486,51 €
TOTAL:	34.237.100,93 €

Á UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTÉN S.L. na súa oferta fixo unha proposta de baixa do 1,57%, quedando a adxudicación nun importe de 33.699.578,45 €.

Aplicando a baixa ofertada por UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTÉN S.L., a táboa de facturación era a seguinte:

	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	TOTAL
IMPORTE OFERTADO TRAS APLICAR A BAIXA	5.275.895,26 €	5.540.986,58 €	5.638.678,11 €	5.682.702,68 €	5.712.628,64 €	27.850.891,28 €
IVE 21%	1.107.938,00 €	1.163.607,18 €	1.184.122,40 €	1.193.367,56 €	1.199.652,02 €	5.848.687,16 €
Custes totais	6.383.833,20 €	6.704.593,70 €	6.822.800,53 €	6.876.070,28 €	6.912.280,74 €	33.699.578,45 €

Táboa de facturación aprobada en febreiro de 2021, ADFUT 202100013099:



Concello de Vigo

ANUALIDADE	2021	2022	2023	2024	2025	2026
IMPORTE ANUAL OFERTADO coa minoración	6.106.565,25 €	6.702.503,59 €	6.817.875,25 €	6.873.850,68 €	6.910.771,98 €	288.011,70 €

O contrato iniciouse o 16 de xaneiro de 2021, polo que o período de convivencia dos dous contratos redúcese 0 meses, polo que a minoración do contrato non procede.

	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	TOTAL
IMPORTE BASE DE LICITACIÓN SEN MINORACIÓN	5.438.444,02 €	5.629.367,65 €	5.728.617,40 €	5.773.344,18 €	5.803.747,48 €	28.373.520,73 €
IVE 21%	1.142.073,24 €	1.182.167,21 €	1.203.009,65 €	1.212.402,28 €	1.218.786,97 €	5.958.439,35 €
Custes totais	6.580.517,26 €	6.811.534,86 €	6.931.627,05 €	6.985.746,46 €	7.022.534,45 €	34.331.960,08 €

ANUALIDADE	2021	2022	2023	2024	2025	2026
IMPORTE ANUAL BASE DE LICITACIÓN SEN MINORACIÓN	6.222.148,93 €	6.828.383,23 €	6.945.595,11 €	7.002.463,38 €	7.039.973,59 €	293.396,11 €

Polo que, aplicando a porcentaxe de baixa do 1,57% ofertado por UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTÉN S.L., o importe de adxudicación coa nova data de inicio ascendería á cantidade de 33.792.948,33 €

	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	TOTAL
IMPORTE OFERTADO TRAS APLICAR A BAIXA SEN MINORACIÓN	5.353.060,45 €	5.540.986,58 €	5.638.678,11 €	5.682.702,68 €	5.712.628,64 €	27.928.056,47 €
IVE 21%	1.124.142,69 €	1.163.607,18 €	1.184.122,40 €	1.193.367,56 €	1.199.652,02 €	5.864.891,86 €
Custes totais	6.477.203,14 €	6.704.593,76 €	6.822.800,51 €	6.876.070,24 €	6.912.280,66 €	33.792.948,33 €

Tendo en conta a data real de inicio do contrato, o 16 de xaneiro de 2021, a táboa de facturación, segundo os pregos, quedaría da seguinte forma:

ANUALIDADE	2021	2022	2023	2024	2025	2026
IMPORTE ANUAL OFERTADO SEN minoración	6.124.461,19 €	6.721.177,61 €	6.836.549,27 €	6.892.524,70 €	6.929.446,00 €	288.789,79 €

O reaxuste proposto e o seguinte:

	Ano 2021	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026	Total
Adxudicación	6.106.565,25 €	6.702.503,59 €	6.817.875,25 €	6.873.850,68 €	6.910.771,98 €	288.011,70 €	33.699.578,45 €
Reaxuste Anualidades	6.124.461,19 €	6.721.177,61 €	6.836.549,27 €	6.892.524,70 €	6.929.446,00 €	288.789,79 €	33.792.948,33 €
Gasto adicional	17.895,94 €	18.674,02 €	18.674,02 €	18.674,02 €	18.674,02 €	778,08 €	93.369,88 €

O importe minorado 94.859,17 € tras aplicar o porcentaxe de baixa do 1,57% supón no contrato 93.369,88 € ive engadido.

A porcentaxe deste reaxuste representa un 0,27% do prezo do contrato.

Este importe pódese cargar á aplicación orzamentaria 1710.2279901 MANTEMENTO XARDINS, ZONAS VERDES, CASTRO, ROTONDAS .

3.- Conformidade do contratista.

En data 19 de decembro de 2023, deuse traslado á empresa concesionaria UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN, S.L., do informe proposta de data 19 de decembro de 2023, co fin de que manifestase a súa conformidade.

En data 20 de decembro de 2023, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo un escrito presentado pola mercantil UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTEN, S.L. (doc. 230413725), no que da a súa conformidade ao citado informe.

Á vista do exposto, e previo informe de fiscalización pola Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o reaxuste dos importes correspondentes ao contrato do servizo de CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO (*expte. 12853/446*), formalizado entre esta Administración Municipal e a UTE ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A. e MANTÉN S.L., CIF U02942639 (A-46.609.541 e B-36.938.827, respectivamente), sendo a porcentaxe deste reaxuste un 0,27% do prezo do contrato. O que supón un prezo do contrato de 33.792.948,33 euros.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **93.369,88 €** (IVE engadido), o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710.2279901 MANTEMENTO XARDINS, ZONAS VERDES, CASTRO, ROTONDAS.

TERCEIRO.- Contra este acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte



Concello de Vigo

ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 03/03/2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratégica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratégico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1051).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

ME/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez